

# O APUPO



Año II - N.º 3 - Novembro 2002. BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

**A MÚSICA DA FIN DO MAR**  
**INTERESANOS SABER QUE...**  
**RESUMO DA TEMPADA**  
**COUSAS DE DORNAS**



**INCLUE ESPECIAL**  
**"SI VOU A BUEU": O Bote Polbeiro**

# SI VOU A BUEU


ESPECIAL COLECCIONABLE



*Propuxémonos editar un coleccionable onde amosar gráficamente a variedade tipolóxica das embarcacións tradicionais galegas e dar a coñecer as formas do noso eido mariño, percorrendo o litoral, recalando en cada porto. Podiamos comezar pola mariña lucense e dar a volta a Fisterra, ou partir do Miño cara o norte, facendo nosa a tradición da ribeira portuguesa.*

*Máis con isto, botabamos en falla saber do ambiente social e cultural arredor dos barcos. Queremos ser eco da realidade de hoxe en día máis que da vida en séculos pasados, duro labor de historiadores, que non o somos.*

*Así foi que viñemos dar ó Concello de Bueu, izando a vela, con relinga e verga latina, do seu bote polbeiro.*



# A HERDANZA

Hoxe estamos a ver como se resolven en Bueu, e no que respecta á conservación do patrimonio, dous proxectos.

Por unha banda, o Concello adquiriu, coa Consellería de Cultura, os fondos da colección Massó e parte das instalacións da vella conserveira, botando a andar dende o mes de xullo o Museo Massó.

Coñecedores agora do gran valor, da variedade temática e da importante cantidade de pezas (fondos bibliográficos; unha colección de cunchas; exemplos de cordoería e redería; maquinaria, útiles e métodos de manufactura do peixe e das conservas; da pesca e aproveitamento da balea; unha completa colección de ferramentas de carpintería de ribeira, maquetas de embarcacións e mesmo barcos de tamaño real) atópanse cun espazo demasiado reducido para desenvolver un proxecto museístico axeitado a este completísimo catálogo do patrimonio marítimo do Morrazo.

Por outra banda, o Concello ten aprobadas as obras de remodelación da Banda do Río, cun paseo nesta beiramar. No medio do seu trazado atopámonos cunha carpintería de ribeira vinculada á vila, os estaleiros Purros.

Dende a Asociación Cultural "Os Galos" lanzouse un berro de alarma, xa que o proxecto pretendía a demolición do estaleiro amosando unha falla de sensibilidade con esta herdanza que aínda esta activa. Parecía que seguíamos coa teima de limparnos ben do noso pasado para deixar para o futuro un bonito e provincian paseo cunha fieira de palmeiras, sen ter en conta o valor propio do estaleiro como espazo para amosar ó público a tradición da carpintería de ribeira, como centro de divulgación ou como obradoiros de traballo e aprendizaxe.

Nun dos principais museos marítimos de Europa, o de Douarnenez, puidemos ver como no seu interior teñen reproducida unha carpintería de ribeira con tódolos seus detalles. Pois ben, en Bueu temos unha destas carpinterías no seu espazo natural (na beiramar), inserida nun páseo marítimo ¡e querían papala!. Dicimos querían porque afortunadamente o sentido común vaise impoñer xa que temos noticias de que as instalacións dos estaleiros Purros vanse manter.

FOTO: Rosa G.




Astaleiro de "Purros" (Bueu)

# O BOTE POLBEIRO DE BUEU

O artigo realizouse coa información obtida básicamente de:

A) o proxecto de fin de carreira realizado por Fidel Simes, enxeñeiro técnico naval que adicou dito proxecto ó bote polbeiro e que ven de ser publicado coa axuda da Consellería de pesca.

B) A publicación da Asociación "OS GALOS" de Bueu que recolle o traballo de investigación de Manuel Aldao.



Ainda que na primeira metade do século XX había perto dun cento de botes polbeiros, cáseque todos eles en Bueu, coa chegada dos anos 60 estas embarcacións foron esmorecendo. Hoxe en día sómentes quedan media ducia, tres deles son orixinais e atopanse en museos. Os outros tres polbeiros son reproducións feitas hai poucos anos, promovidas por asociacións culturais e que están a navegar como barcos escolas :O "Lagoas" e "Os Galos" construídos no taller de Purro (Bueu) e que pertencen á Asociación Os Galos de Bueu. "O Rebello" (que aparece na portada deste especial) foi construído pola escola obradoiro Aixola de Marín.

Os botes polbeiros tamén recibían o nome de "Galos", según se di, pola arrogancia coa que surcaban as augas. Estas embarcacións se pintaban todas iguais : a obra viva de patente bermella e a obra morta de cor azul.



Bote Polbeiro "Lagoas"

## ARQUITECTURA

(Facilita moito a comprensión dos datos e nomes que de seguido se aportan si se van ollando nos esquemas que presentamos)

O bote polbeiro de Bueu é unha embarcación da familia da lancha de relinga galega. Por este motivo comparte con ela os detalles da súa arquitectura ademais dunha certa semellanza pero, malia isto, o bote polbeiro ten unhas características propias que o identifican claramente como unha embarcación única.

- A súa eslora está comprendida entre tres e sete metros, sendo a medida máis habitual a de catro metros e medio.
- Presenta dúas proas e unha sección media en forma de "U", co pantoque moi baixo, o que lle dá o aspecto panzudo, e polo tanto de gran estabilidade.
- A roda é lixeiramente lanzada. O codaste recto e con pouca inclinación.
- A característica máis relevante da súa arquitectura é a relación eslora manga, que representa un valor moi baixo, próximo a dous, é dicir: a eslora é dobre da manga.
- Leva 16 cadernas con dúas mestras (ver o reparato na foto-esquema)
- As cadernas son de tres pezas que suben hata a cinta que fai o remate do costado. Non leva tapa regala.
- Banceado a tope. A roda e o codaste levan un rebaixe sobre o que rematan os bancos.
- Por debaixo do corredor do costado, unhas correas suxeitan as cadernas.


Inicialmente o bote polbeiro aparellaba a vela latina, aínda que posteriormente pasou a usar a vela mística, tamén chamada "güaira" e de "pico".

O pau e a verga tiñan o mesmo longo que a eslora do barco. O pau entra pola "fogonadura" ata a "pica", e co "mollete" e as cuñas dásele a inclinación axeitada en función da forza do vento.

Para virar e cambiar a vela, pásase a escota por proa do pau, sóltase o martillo do gancho da roda, xirase a verga tamén por proa, cambiase o martillo de amura e as drizas ó outro costado, para remata-la manobra cóbrase a escota.

Como podemos ver nos esquemas, as primeiras cadernas de proa sobresaen de cinco a sete centímetros sobre a cinta do costado e chámanse "cabernas". Este é un detalle constructivo que se mantivo dende as súas orixes (aínda que nos derradeiros anos non tiña función específica), xa que naceu co uso da vela latina, para que a relinga se metera por dentro da caberna e ó arria-la vela non fora ó mar.

Os remos son grandes e traballan cruzados, como nas dornas, é dicir, o remo de babor trabállase coa man esquerda, e o de estribor coa man dereita. Os remos cruzados dan máis palanca (hai que ter en conta que o polbeiro é un bote moi pesado)



O remo duns 4 metros de longo vai en dúas pezas, guión e pá, empalmados no medio. A pá é conca.

O temón que sobresaie por baixo da quilla, ten un ancho no seu extremo inferior (para un bote de 4 m de eslora) de algo máis de 30 cm.

*A Asociación Cultural  
"OS GALOS"  
de Bueu é a impulsora  
da conservación do  
bote polbeiro*

### AS ARTES DE PESCA

Como o seu nome indica, os botes polbeiros adicábanse casi exclusivamente á pesca do polbo, empregando como arte de pesca a raña. A raña é unha pedra dun tamaño algo máis pequena cun puño, bastante aplanada na que se ata un caranguexo vivo (nalgúnhas ocasións, por exemplo cando as vedas, empregábase como cebo unha espiga de millo). As rañas poden levar atados, ademáis do caranguexo, unha galla de pau con dous anzois que teñen a función de enganchar-lo polbo por algún raxo cando se bota ó caranguexo.

Cando o tripulante era un só, levaba dúas ou tres liñas, cando eran dous os homes botaban catro liñas.

Unha vez chegados ás señas que cada mariñeiro sabía, botaban as liñas coas rañas polos costados o máis lonxe posible do bote. Bogando con calma, íannas arrastrando polo fondo, pendentes do tacto para percibir cando cambiaba a resistencia das liñas, o que indicaba cando se pegara un polbo. Cando isto ocurría os mariñeiros daban un golpe de remo ciando do costado da liña con polbo para evitar que ó izala se metera debaixo do bote e escapara. Izábase a liña sen dar tiróns ata subir o polbo a rentes da auga e cóllíase co ganapán, pois o polbo mentras está na auga, aínda que se este subindo, non se solta da raña no seu afán de comer o caranguexo.

